

## **Unha delegación de ANFACO-CECOPECA visita o Parlamento de Galicia**

- **A visita enmárcase na aposta do presidente da Cámara, Miguel Ángel Santalices Vieira, por abrir o Parlamento á sociedade**

**Santiago, 20 de febreiro de 2017.-** Unha delegación da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos (ANFACO-CECOPECA), integrada por directivos de diferentes empresas do sector, efectuou hoxe unha visita ao Parlamento de Galicia, onde foron recibidos polo presidente da Cámara, Miguel Ángel Santalices Vieira.

A visita enmárcase na aposta de Santalices por abrir o Parlamento á sociedade. Os participantes nesta actividade tiveron ocasión de efectuar unha visita guiada á sede do Lexislativo galego.

O presidente do Parlamento, Miguel Ángel Santalices Vieira, explicou o funcionamento do Lexislativo galego, ao tempo que animou aos empresarios participantes na visita a coñecer os diferentes mecanismos de participación cidadá habilitados pola Cámara. Destacou a posibilidade de que a cidadanía formule comentarios ou suxestións aos textos legislativos en trámite a través da ferramenta denominada "Lexisla con Nós", dispoñible na web.

Cara o final da reunión, o presidente do Parlamento convidou a sumarse ao encontro aos portavoces de Pesca dos grupos parlamentarios e á presidenta da Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo, Marta Rodríguez Arias.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia

Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.gal